



Día Mundial Sen Tabaco 2019: Tabaco e saúde pulmonar

31 de Maio

O 31 de maio de cada ano, a OMS e os seus asociados celebran o Día Mundial Sen Tabaco co fin de poñer de relevo os riscos asociados co tabaquismo, tanto para a saúde como noutros ámbitos, e avogar por políticas eficaces para reducir o seu consumo.

O Día Mundial Sen Tabaco 2019 céntrase en

“O TABACO E A SAÚDE PULMONAR”.

A campaña servirá para concienciar sobre:

- As consecuencias negativas para a saúde pulmonar das persoas que ten o tabaco, que van desde o cancro ata enfermidades respiratorias crónicas; e
- Papel fundamental que desempeñan os pulmóns para a saúde e o benestar de todas as persoas.

A campaña tamén serve como un chamamento á acción, xa que nela avógase por políticas eficaces para reducir o consumo de tabaco e implícase ás partes interesadas de múltiples sectores nas actividades de control do tabaco.

Con tal motivo a UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS instalará unha mesa informativa.

Para obter máis información sobre o tabaco e como deixalo o persoal da UAD estará no HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE DE LEMOS, durante a mañá.

A saúde pulmonar non se logra simplemente pola ausencia de enfermidades, e o fume do tabaco repercute de maneira importante na saúde pulmonar dos fumadores e non fumadores en todo o mundo.

Para alcanzar a meta dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) de reducir nun terzo a mortalidade prematura por ENT para 2030, o control do tabaco debe ser unha prioridade para os gobernos e as comunidades de todo o mundo.

Na actualidade, o mundo non está ben encamiñado para alcanzar esta meta.

Os pais e outros membros da comunidade tamén deben tomar medidas para promover a súa propia saúde e a dos seus fillos protexéndoos dos danos causados polo tabaco.

Como complemento a esta actividade na Casa da Cultura de Monforte poderase visitar una **exposición** con traballos relacionados coa temática do TABACO, realizados por alumnos dos colexios de Monforte e Escairón , e os usuarios da asociación Albores.

Podedes visitala desde o día 31 de Maio ao 7 de Xuño.

Fumadores, exfumadores e non fumadores tamén poderedes "participar" activamente colocando un posit cunha mensaxe na "escaleira" que atopardes na exposición.

DIGAMOS NON AO TABACO!

Para máis información:

UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS
SERVIZO DE PREVENCIÓN
Otero Pedrayo s/n MONFORTE DE LEMOS (Lugo)
Tif. 982 400495
Facebook:
UNIDAD ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS
MONFORTE DE LEMOS

Preguntar por: LUISA ASTRAY GARCIA – Educadora Social

